

AI...! O MEU AVÓ

Eu son da cidade, pero a miña familia procede do rural. Alí a vida é distinta, pero canto máis tempo atrás imos, máis diferenza encontramos.

Estaba eu un día na casa dos meus avós nas vacacións, tocando o meu bombardino, cando vexo que o avó estaba a escoitarme. Cando remato, ponse a contarme unas aventuras que lle aconteceran a el había moitos anos, pois xa ten noventa e dous, referentes á música. Aló polos anos cincuenta, era o director e clarinetista dunha banda de música que fundaran el o mais o seu irmán. Ter una banda nunha aldea de douscentos habitantes aproximadamente non era doado, pero peor aínda cando non había estradas (as de agora eran daquela camiños de pedras) e o medio de transporte que usaban eran as bicicletas, e empeza:

-Un día o da percusión perdeu as baquetas de tocar polo camiño, e tiveron que facerlle uns paus con ramas de carballo.

Outro día, o trompetista empotrouse nunha silveira por una baixada bastante empinada e tivemos que rescatalo a el, todo espiñado, e logo buscar a trompeta.

E noutra ocasión un dos rapaces perdeu a gorra, era obrigatorio tocar con ela, e tivemos que pedirlla prestada a outra banda que tocaba na mesma festa. Non eran iguais ás nosas e deixáronolas todas. Mira que pedir prestadas a competencia..! E así moitas máis aventuras”.

Pero naqueles tempos el era canteiro, facía os cestos para recoller o froito, os zocos de madeira para a familia, facía de carpinteiro para fabricar os aparellos de labranza e á parte atendía o campo nos labores de labranza.

-Pero, cando ensaiabas, avó?

-De noite, miña nena, e no inverno con luz dun candil.

Como cambiaron os tempos!

Así era o meu avó...